



**Instrución 4/2019, do 30 de abril, da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2014 aos que se lles concedera a prórroga da avaliación.**

A Orde do 24 de xullo de 2014 (DOG núm. 147, do 5 de agosto de 2014), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2014. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6 que as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

Este proceso iniciouse coa Instrución 1/2018, do 1 de febreiro, da Secretaría Xeral de Universidades pero houbo tres persoas investigadoras que solicitaron un aprazamento da avaliación por circunstancias excepcionais. O 16 de febreiro de 2018 a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria, considerando as circunstancias esgrimidas, concedeu pospoñer a avaliación para ser realizado ao mesmo tempo que as persoas investigadoras da convocatoria Posdoutoral A do ano 2016 a:

Expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome
ED481B 2014/134-0	UVIGO	Figueiredo	González	María
ED481B 2014/142-0	UVIGO	Fuciños	González	Clara
ED481B 2014/119-0	UVIGO	Mateo	Mateo	Cintia

Pola Instrución 1/2019, do 23 de abril, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, iniciouse o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2016.

En consecuencia, o secretario xeral de Universidades no uso das competencias que ten atribuídas, dita a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación do rendemento das investigadoras contratadas ao abeiro do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria de 2014, ás que se lles concedeu o aprazamento da avaliación e que finalizaron o contrato.

2.- A avaliación rexerase pola Instrución 1/2019 ([http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instrucion\\_avalacion\\_final\\_posa\\_2016.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instrucion_avalacion_final_posa_2016.pdf)).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

